

III PREMIO “MUIÑO DO VENTO” DE TEXTOS DE CONTRAPORTADA

1. Con obxecto de promover a calidade dos textos que acompañan o libro na contraportada ou lapelas e mais de resaltar a súa importancia pola información que transmite ao futuro lector, así como de darlle visibilidade ao traballo asociativo realizado nos barrios -a parte menos visible das cidades-, a Asociación Sociocultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol), convoca o III Premio “Muíño do Vento” de Textos de Contraportada para obras de Literatura Infantil e Xuvenil editadas en galego.
2. Poderán presentarse ao premio todos os libros de literatura infantil e xuvenil publicados no ano 2014, calquera que sexa o seu xénero literario.
3. Establécese un único premio consistente na peza representativa do certame, obra da ceramista Susana González Amado. A Asociación Muíño do Vento destinará a cantidade de mil euros (1.000 €) á compra de exemplares da obra gañadora, que serán distribuídos entre os centros educativos a que se refire o punto 11.
4. Entregarase o premio ao autor ou autora do libro, independentemente da autoría do texto presentado.
5. O premio outorgarase por maioría de votos e poderá ser declarado deserto.
6. O xurado será escollido pola Xunta Directiva da Asociación Muíño do Vento, e a súa decisión será inapelable.
7. Non poderán presentarse ao premio autores/as socios/as da Asociación Muíño do Vento.
8. As persoas que concorran ao premio deberán remitir, antes do día 28 de febreiro de 2015, unha fotocopia da capa e da contracapa da obra, así como o seu enderezo, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, a:

*Asociación Sociocultural Muíño do Vento
Rúa Pintor Máximo Ramos nº 7-9, 2ºC
15401, Ferrol*

De optaren polo envío mediante correo electrónico, deberán achegar a capa e a contracapa escaneadas nun documento PDF, ademais do enderezo, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, a premiodecontraportada@muinhodovento.es.

9. No caso de envíos de textos por parte das editoriais, a asociación convocante presupón que os autores ou autoras dos libros presentados teñen coñecemento da súa participación.
10. Na primeira quincena de marzo, daranse a coñecer os títulos das obras finalistas mediante a publicación na páxina web (www.muinhodovento.es). Os autores/as deberán remitir un exemplar da obra antes do día 31 de marzo de 2015, ou, en todo caso, dentro dos 15 días seguintes a seren avisados por parte da asociación convocante.
11. A entrega do premio terá lugar o día 2 de maio no transcurso dun acto músico-festivo no lugar do barrio onde estean presentes os maíos participantes na festa dos Maíos, tradicional no barrio de Canido.

A persoa premiada recibirá o seu recoñecemento da man do alumnado premiado no concurso *Inventa unha flor*, convocado, paralelamente, en centros educativos de Canido. Do mesmo modo, o autor ou autora entregará cadanseu recoñecemento ás autoras e autores escollidos por cada escola participante.
12. Despois da entrega do premio, a documentación achegada polos participantes será destruída.

13. Os libros presentados polos finalistas entregaranse ás bibliotecas correspondentes dos centros educativos do barrio, a menos que, canda o envío por parte dos autores/as, estes soliciten a súa devolución.
14. A aceptación do premio por parte do gañador/a implica a súa conformidade para que a Asociación Muíño do Vento poida utilizar publicitariamente o seu nome en relación co premio.
15. A participación neste certame presupón a aceptación destas bases. O xurado estará facultado para resolver todas aquelas cuestións que non se establezan nelas.

Canido (Ferrol), xaneiro de 2015